

CURSO Xestión e facilitación de grupos

impartido por

César Fernández Fernández.
Membro de IIFAC-E.
Instituto Internacional de Facilitación e Cambio.
<http://facilitacion.org>

dirixido a

Todas as persoas interesadas en desenvolver e potenciar as súas habilidades relacionadas co traballo con grupos, equipos de traballo, colectivos e organizacións.

6 módulos independentes

O curso estrutúrase en torno a 6 módulos de fin de semana, aos que se pode asistir de xeito independente ao longo dun ano (de Decembro de 2012 a Xuño de 2013)

horario

Venres de 16 h - 20 h,
Sábados de 10h -14h e 16h - 20h
Domingos 10h -14h

Domingos 16-20h (só para os estudantes que fagan os seis módulos, co fin de traballar no proxecto persoal e nos casos traídos polos propios estudantes)



prezo

360€ todo o curso. (60 €/ módulo)

(Cada módulo independente, 75€/modulo)

prazos de pagamento

Pago inicial: 75€ (antes do 11 de decembro)
Segundo pago: 165 € (antes 20 de xaneiro)
Terceiro pago: 120 € (antes do 9 de marzo)

A Facilitación é o conxunto de habilidades, técnicas e ferramentas para crear as condicións que permitan un desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais e persoais; tanto na consecución dos seus obxectivos e realización da súa visión, como na creación dun clima relacional onde abunde a confianza e unha comunicación fluída, empática e honesta.

A educación ambiental, ferramenta necesaria para alcanzar unha sociedade sustentable, ten na participación social e na organización comunitaria alicerces para as transformacións sociais que se perseguen. A Facilitación significa poñer a conciencia xunto coas nosas interaccións, apoiando a diversidade e o noso propósito común. Os conflitos son naturais e poden ser creativos e produtivos. Pero, sen facilitación os conflitos son custosos. Repítense e escalan e minan a nosa resolución e o espírito de equipos e organizacións. A Facilitación fai a diferenza.



Programa dos módulos

14, 15, 16 Decembro

Módulo 1- Introducción aos procesos grupais. O rol do facilitador.

Que é un grupo, estrutura, elementos esenciais e fases nun grupo. Roles nun grupo. O Rol do facilitador, habilidades e funcións.

25, 26, 27 Xaneiro

Módulo 2- Participación e traballo en equipo: Rango, poder e privilexios. Traballar coa diversidade.

Conciencia das dinámicas da diversidade relacionadas coa cultura, etnia, raza, xénero... Facilitar a diversidade interna e externa incluíndo o traballo coas realidades históricas e a diversidade persoal e cultural dos estilos de liderazgo.

22, 23, 24 Febreiro

Módulo 3- Participación e traballo en equipo: Gobernanza e toma de decisións.

Reunións e asembleas inclusivas e eficaces. Diferentes métodos de toma de decisións e organización. Consenso, holocracia e sociocracia.

15, 16, 17 Marzo

Módulo 4- Sabedoría e Intelixencia Colectiva nos procesos participativos.

Elementos para a Intelixencia Colectiva. Tecnoloxías sociais e ferramentas para fomentar o verdadeiro diálogo e a participación.

10, 11, 12 Maio

Módulo 5- Resolución de conflitos. Habilidades e Metahabilidades para facilitar.

Distinguir as diferentes dinámicas do conflito e aprender a intervir a diferentes niveis (individual, de relación, grupal). Aprender intervencións para a resolución de conflitos e descubrir o potencial creativo dentro do conflito.

7, 8, 9 Xuño

Módulo 6- Creatividade, traballo en equipo e desenvolvemento de proxectos.

Coller unha idea ou impulso, crear nela e levala a súa realización. Traballar cos bloqueos, distraccións e zig-zags ao longo do camiño.

máis información e inscricións

CEIDA. Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia
Castelo de Santa Cruz s/n - Liáns- Oleiros

www.ceida.org



Tlf 981.630.618



formacion@ceida.org

Organiza:



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

Colaboran:

